



**NURIA LOBATO DEL RÍO, SECRETARIA XERAL DO ILTMO. CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)**

**CERTIFICO:**

**Que pola Alcaldía Presidencia, o día da data, dictouse a seguinte Resolución**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Antecedentes Administrativos.**

Celebrada Mesa de Contratación con data 10 de Xuño de 2013, propón ó órgano de contratación:

- ◆ Declarar deserto este procedemento, en canto a única empresa que opta á adxudicación do contrato de Subministro de Vehículos e Maquinaria, mediante a modalidade de Arrendamento Financeiro ou arrendamento con opción de compra, neste Concello, non cumpre co establecido no prego, ó non abarcar a oferta presentada a totalidade do obxecto do subministro nos termos definidos na cláusula 1 do Prego de cláusulas administrativas particulares e no anexo que contén o prego de prescripcions técnicas.
- ◆ A apertura dun novo procedemento, eliminando o subministro “D” e licitando por lotes.

Esta Alcaldía, en virtude das competencias atribuídas na Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, as modificacións introducidas a ésta, concordante Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986 e o disposto no RD Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**RESOLVE:**

1. AVOCAR as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para este asunto, xustificándose a urxencia na necesidade de dar servizo ós distintos departamentos municipais de obras e Policía Local, actualmente con carencias importantes dos vehículos que se van adquirir, que afectan ó desenvolvemento dos servizos.
2. Aceptar a proposta da Mesa de contratación, RESOLVENDO DECLARAR DESERTO este procedemento, e abrir novo procedemento aberto, eliminando o Subministro “D” e licitando por lotes.

Dispoñendo notificar esta Resolución ó licitador e ó Departamento de Intervención Municipal para o seu coñecemento.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

En todo caso trasladarase esta Resolución á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e ratificación.

O que se certifica, co Visto e Prace do Alcalde-Presidente en Bueu a trece de xuño de dous mil trece.

A SECRETARIA,

Vº E PRACE, O ALCALDE,

Asdo. Nuria Lobato del Río

Asdo. Félix Juncal Novas